

Arthur RIMBAUD



Charleville, 20 de outubro de 1854

—

Marsella, 10 de novembro de 1891

**O 20 de outubro de
1854 nacía en
Charleville (Francia),
Arthur Rimbaud, un
dos iniciadores do
movemento literario
simbolista e un dos
poetas máis influíntes
na cultura pop do
século XX: a
xeneración beat dos
anos 60, ou os
cantantes rock Jim
Morrison e Patti
Smith téñeno
recoñecido como
inspiración**




**L'ENFANT
TERRIBLE
À BORD**



Desde pequeno amosou un carácter difícil, cousa provocada en parte polo ambiente autoritario que se vivía na súa casa, da que fuxiu moitas veces. Na escola destacou polo seu comportamento inquieto e a súa creatividade: ós 15 anos xa levara moitos premios literarios escolares. Un profesor seu dixo del: “Ha ser un xenio do Mal ou do Ben”.

Xa adulto e metido de cheo na actividade literaria, gustaba de provocar á sociedade burguesa acomodada aparecendo mal vestido. Tamén se lle podía ver entrando nas igrexas para mofarse do culto. Tiveron sona as pintadas que facía nelas: “Morra Deus”, escribía. En 1870, marcha a París a traballar como xornalista. Alí vive a experiencia revolucionaria da Comuna, en 1871





En 1871 inicia unha relación, primeiro literaria, e logo sentimental, co tamén poeta Paul Verlaine. Viven xuntos algúns anos ata que Verlaine dispara a Rimbaud nunha man e é condenado a prisión. Rimbaud dedica os seguintes anos a viaxar por Europa e África. En 1880, moi deprimido, Rimbaud deixa de escribir e emigra a Iemen, onde traballará como obreiro

En 1891 aparécelle un tumor no xeonllo dereito, polo que decide voltar a Francia. Nun hospital en Marsella ampútanlle a perna, e morre pouco despois.

A súa vida e a súa relación con Verlaine aparecen ilustradas na película *Vidas al límite* (*Total Eclipse*, Agnieszka Holland, 1995), con Leonardo DiCaprio e David Thewlis nos papeis de Rimbaud e Verlaine



***Par les soirs bleus d'été, j'irai dans les sentiers,
Picoté par les blés, fouler l'herbe menue :
Rêveur, j'en sentirai la fraîcheur à mes pieds.
Je laisserai le vent baigner ma tête nue.***

***Je ne parlerai pas, je ne penserai rien :
Mais l'amour infini me montera dans l'âme,
Et j'irai loin, bien loin, comme un bohémien,
Par la Nature, -- heureux comme avec une femme.***

***Nos seráns azuis do verán hei ir polos carreiros,
aguilloado polo trigo, pisar a herba miúda:
soñador, hei sentir a súa frescura nos meus pés.
Hei deixar ó vento bañar a miña cabeza nua.***

***Non hei falar, non hei pensar:
mais o amor infinito ha invadir o meu ser,
e hei ir lonxe, ben lonxe, como un bohemio,
pola natureza, feliz como cunha muller***

AUTOR: Alfonso Blanco

MÚSICA: *Danse Macabre*, de Camille Saint-Saëns

